

Ara a Nabiae de Nocelo da Pena

06015301

Datos de Localización

Ara

Inmoble:	Xacemento do San Pedro
Localización:	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Coord. UTM	X: 61810072 Y: 465901993
Concello:	Sarreaus
Parroquia:	NOCELO DA PENA
Lugar:	Nocelo da Pena
Tipoloxía:	Epigraffa
Tipo:	Aras
Subtipo:	Ara
Denominación:	Ara a Nabiae de Nocelo da Pena



Características

Etaapa Histórica Época Romana

Estilo:

Descrición:

Ara votiva procedente de Nocelo da Pena. Estaba formando parte da fachada da ermida de San Pedro e, cando esta se arruína, o abade de Nocelo da Pena, don Antonio Bugallal, trasládaa en 1835 ao adro da igrexa parroquial de San Lourenzo, facendo con ela e outras tres inscricións máis o pedestal dun cruceiro. Posteriormente, en 1897, o bispo don Pascual Carrascosa y Gabaldón doounas ao Museo Arqueolóxico de Ourense.

A peza é un cipo prismático de sección cadrada, con inscrición en seis liñas. Todos os seus lados están repicados, e a parte superior esquerda do frontal está bastante deteriorado, o que impide unha lectura completa do epígrafe. A inscrición ocupa toda a fronte da peza, comezando a 4 cm. do bordo superior e terminando a 5 cm do inferior. As letras, ciceladas, non seguen unha liña recta, senón que paulatinamente van formando unha diagonal cara o bordo superior:

Inscrición:

[.]into
[.]ento
[.]i: Lagi
us · Na
biae · v(otum)
s(olvit) · l(ibens) · m(erito)

Rodríguez Colmenero interpreta este epígrafe como "[Qu]into / [Ev]jento / [T]i(berius) Lagi / us Na / biae v(otum) / s(olvit) l(ibens) m(erito)", sendo a súa tradución: "Por motivo dun quinto acontecemento favorable, Tiberio Lagio cumpriu o seu voto de libre vontade a Nabia". (Rodríguez Colmenero, A., *Aquae Flaviae I*, 1997, p. 154-155).

Datación:

Autoría:

Materiais: Granito

Carac. Técnicas: Labrado

Alto: 45 cm.

Ancho: 26 cm.

Profundo: 23 cm.

Diámetro: 0 cm.

Perímetro: 0 cm.

Peso: 0 Kg.

Capacidade: 0

Xilófagos: ☐

Perda Policromía: ☐

Perda Material: ☐

Observacións: Segundo o artigo 60 da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español, este ben moble está sometido ao réxime establecido para os Bens de Interese Cultural.

Bibliografía: BARROS SIVelo, R., *Antigüedades de Galicia*. A Coruña, 1875, p. 193.
FITA COLOMER, F., "Lápidas romanas de Mosteiro de Ribeira, feligresía de Ginzo de Limia en la provincia de Orense", *Boletín de la Real Academia de la Historia*, t. LVIII, 1911, p. 403.
FITA COLOMER, F., "Lápidas romanas de Mosteiro de Riveira, ayuntamiento de Ginzo de Limia, en la provincia de Orense", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. IV, nº 80, 1913, p. 78.
HÜBNER, E., *Inscriptiones Hispaniae Latinae*. Academiae Scientiarum Berolinensis et Brandenburgensis, Berlín, 1869, CIL II, nº 5622.
LORENZO FERNÁNDEZ, X. e BOUZA BREY, F., "Inscripciones romanas votivas de la provincia de Orense", en *Cuaderno de Estudios Gallegos*, t. XX, Santiago de Compostela, 1965, p. 150.
LORENZO FERNÁNDEZ, X., *Inscripciones romanas de Galicia. IV. Provincia de Orense*. CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1968, p. 85, nº 80.
MACÍAS GARCÍA, M., "Civitas Limicorum", en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. I, nº 6, 1899, pp. 89-94.
MACÍAS GARCÍA, M., "Monumentos epigráficos que se conservan en nuestro Museo Arqueológico", en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. IV, nº 89, 1913, p. 275.
OSABA Y RUÍZ DE ERENCHUN, B., "Museo Arqueológico de Orense: la epigrafía romana del Museo", en *Memorias de los Museos Arqueológicos Provinciales*, t. IX-X, Madrid, 1948-49, p. 100.
RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Aquae Flaviae. I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional rinterior*. Cámara Municipal de Chaves, Chaves, Portugal, 1997, pp. 154-155.
VÁZQUEZ NÚÑEZ, A., "La epigrafía latina en la provincia de Orense", en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. I, nº 2, Ourense, 1898, p. 29.

Documentación: Ficha do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32078001.



